



Suxestión ao Concello de As Somozas para que dea resposta útil e eficaz ás denuncias da cidadanía, e practique cantas actuacións correspondan a fin de identificar aos eventuais responsables das condutas irregulares solicitando a intervención das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado

Expediente: C.8.Q/750/21

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021

Sr. alcalde:

Nesta institución, iniciouse o expediente de queixa arriba referenciado como consecuencia do escrito de D. ██████ relativo á contaminación por queima de pneumáticos no Concello das Somozas.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente indicaba,

“Diríxome a vostede en representación de ██████ residente ██████ pertencente ó Concello de As Somozas; e tamén como afectado pola queima continuada de rodas que se ven facendo diante a campá de palas de Siemens-Gamesa dende o luns día 14 do mes de decembro.

A propiedade de ██████ atópase fronte a dita campá de palas, onde se realiza unha actividade industrial que quizá non deba de ter licenza do concello cando o polígono está a escasos metros da mesma, pero este tema agora mesmo é secundario; os ventos do sur levan arrastrando o fume tóxico da queima das rodas desde o día 14 ata hoxe mesmo (19-12-2020) e a choiva caída arrastra partículas tóxicas en suspensión ó pastizal e á horta ocasionando

unha contaminación dos mesmos facendo totalmente desaconsellable o consumo tanto para as persoas como para os animais.

Debido a esta situación, sumada a que ás veces me comenta [REDACTED] que é imposible estar por fora da casa debido ó cheiro que hai e que incluso chega a mareala, non saíu da casa practicamente nada en toda a semana; esta mañá póño en contacto con un dos formantes do Comité de Empresa da planta de palas comunicándolle a situación e pedíndolle que medie para evitar que se siga coa queima de rodas, e explícolle que estou é insostible e que creo que dita queima non vai ser a que vai salvar os postos de traballo; coincide comigo en que teño toda a razón e que vai tratar o tema co presidente do comité. A continuación fago unha chamada ó posto da Garda Civil de Ferrol, dado que quero saber os meus dereitos ante esta situación que sigue sen mellorar onde xa hai un mal que esta feito; e o comandante de guardia Indícame que o primeiro que debo de facer é notificar a situación ó Concello dado que estamos a sufrir uns danos colaterais de unha manifestación que nada ten que ver con nos, e que alguén terá que pagar, e en este caso si o Concello é coñecedor será o primeiro que debe de actuar. Si non hai unha resposta por parte das autoridades locais, a continuación indícame que debemos formular unha denuncia ao Seprona por delito Medioambiental e despois a xustiza encargarse de depurar responsabilidades.

Adxunto fotos desta mesma mañá onde se aprecia perfectamente o que está pasando, quero dicir que apoio por enriba de todo as reivindicacións do comité de empresa e dos traballadores tratando de defender os seus postos de traballo, pero o que non poder ser e que unha das maneiras de manifestarse teña por consecuencia única o malestar provocado ós veciños que nada temos que ver neste asunto.

Dou por feito que esta Corporación está enterada de todos os pasos que vai dando o Comité dado que na propia páxina do Concello anuncia un paro convocado para os días 14 e 15 en solidariedade cos traballadores de Siemens Gamesa, e que incluso é coñecedora da queima de rodas que se está a facer ...”

Xuntábase coa queixa copias das comunicacións electrónicas dirixidas dende o 19/12/2020 ao Concello das Somozas, resposta da Consellería de Medio Ambiente de data 27/01/2021 á denuncia formulada o 29/12/2020 e recibida nese órgano o 12/01/2021, copia do escrito dirixido á Consellería de Medio Ambiente de data 29/01/2021 e copia do escrito dirixido á Subdelegación do Goberno en Galicia de data 09/02/2021.

Ante iso, se solicitou informe a ese Concello das Somozas e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

En data 12-3-2021 (E/2604/21) se recibe o informe dese Concello indicándose na súa literalidade o seguinte:

“No parque empresarial deste Concello das Somozas, está instalada a fabrica de palas Siemens Gamesa que como consecuencia dun ERE de extinción de emprego, creou un conflito laboral que levou os traballadores a realizar as folgas e barricadas, chegando a cortar o acceso á planta e á campa de almacenamento de palas.

Como en todos os conflitos, en este tamén se produciu a queima de madeiras e cubertas de caucho, etc.

Fronte á campa de almacenamento de palas, a 200 metros, posúe a sogra do denunciante, unha finca e a súa vivenda. É onde o denunciante manifesta que se produciu o dano na súa finca de hortalizas para autoconsumo e no pastizal facendo a comunicación a este Concello por correo electrónico con data 19/12/2020.

Esta Alcaldía presentouse na vivenda da propietaria D^a [REDACTED] e falou co neto, D. [REDACTED] e co xenro por teléfono así mesmo tamén falou co presidente do Comité de Empresa de Siemens Gamesa, o cal comprometeuse a que non ían realizar mais queimas na zona da campa onde ten cerca a vivenda.

En calquera caso, quero manifestar que por parte dos veciños colindantes ou nas inmediacións da vivenda de D^a [REDACTED] ninguén comunicou nin reclamou ningún tipo de dano.

Tódalas concentracións e cortes de estradas realizadas estaban autorizadas pola Delegación do Goberno da Coruña. Tamén quixera sinalar que este Concello carece de Policía Local para controlar feitos desta índole.”

Por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, se nos remitiu en data 12-03-2021 (E/2605/21) o seguinte informe:

“En atención á solicitude de información efectuada pola Valedora do Pobo no expediente referenciado mediante comunicación do 26/2/2021, infórmase de que, a tenor da denuncia presentada o 29/12/2020 pola promotora [REDACTED] o problema que motivou a queixa foi a queima de pneumáticos que ven tendo lugar dende o 14/12/2020 no marco do conflito laboral desenvolto polos traballadores de SIEMENS GAMESA no Polígono Industrial situado no Concello das Somozas.

Dita denuncia foi obxecto de resposta mediante comunicación do 26/1/2021, que consta recibida pola denunciante o 1/2/2021, na que se lle indicaba que, sen prexuízo de que os feitos denunciados puidesen constituír ou non unha infracción administrativa vinculada ao ámbito competencial desta Dirección Xeral, o descoñecemento da identidade da persoa ou persoas que terían realizado a queima de pneumáticos á que fai referencia en dita denuncia impide o inicio dun procedemento administrativo sancionador, sinalando que, non obstante, dábase traslado da denuncia á Delegación do Goberno en Galicia en canto autoridade competente aos efectos de supervisar o correcto exercicio do dereito de reunión e manifestación no ámbito da Lei orgánica 9/1983, 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión; traslado este que se efectuou mediante oficio da mesma data 26/1/2021, constando a súa recepción por dita instancia gubernativa en data 9/2/2021.

En data 30/1/2021 ten entrada no rexistro desta Consellería novo escrito da denunciante no que, en suma, refire a continuidade do acopio e queima de pneumáticos e a execución de barricadas con árbores cortados de fincas particulares. Dita denuncia e a documentación que se achega refiren a realización de xestións por un familiar da denunciante perante o Concello das Somozas e mesmo ante a Garda Civil (Cuartel de San Sadurniño).

Considerando que os feitos denunciados atenden, en primeira instancia, a un problema de orde público no marco do exercicio, presuntamente abusivo, do dereito de manifestación e que o eventual restablecemento de dito orde público excede decididamente o ámbito competencial e potestades cos que está investida esta Dirección Xeral así coma os seus recursos materiais e humanos, a nova denuncia foi trasladada igualmente á Delegación do Goberno mediante oficio do 8/2/2021.”

En data 15 de marzo o promotor deste expediente diríxese novamente a esta Valedoría, e achega copia do escrito que con data 12 de marzo dirixira á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

En data 25 de marzo (R.E. 2979), ten entrada nesta institución un informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, achegando copia da resposta a dito escrito dirixida á representada do promotor deste expediente de data 18 de marzo:

“Asunto: Denuncias presentadas en relación cos feitos ocorridos durante as protestas que tiveron lugar con motivo do conflito laboral da empresa Siemens - Gamesa.

Nesta Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, téñense recibido dous escritos de denuncia presentados por vostede o día 12/03/2021 (Con número de rexistro 2946/RX568370 e 2947/RX568435), nos que pon de manifesto novos feitos ocorridos durante as protestas que tiveron lugar no Concello de As Somozas con motivo do conflito laboral dos traballadores da empresa Siemens - Gamesa.

Tendo en conta que os feitos denunciados atenden, en primeira instancia, a un problema de orde público no marco do exercicio, presuntamente abusivo, do dereito de manifestación e que o eventual restablecemento de dito orde público excede decididamente o ámbito competencial e potestades cos que está investida esta Dirección Xeral así como os seus recursos materiais e humanos, as novas denuncias foron trasladadas igualmente á Delegación do Goberno na data de hoxe.

Se achega copia do traslado á Delegación do Goberno nesa mesma data do 18 de marzo.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, e das actuacións documentadas no tempo da súa tramitación, dos informes remitidos pola Consellería de Medio Ambiente e do informe remitido por ese Concello das Somozas, cómpre efectuar as seguintes consideracións :

Primeira : O promotor deste expediente dirixiuse denunciando a problemática da queima continuada de pneumáticos diante das instalacións de Siemens-Gamesa no Concello das Somozas por vez primeira o 19 de decembro do 2020. A queima se producía polos traballadores de Siemens Gamesa, no marco dun conflito laboral, no Polígono industrial situado nese concello.

Na comunicación que dirixira ao concello indicábase que por mor da situación exposta, a súa sogra non podía saír da casa porque os fumes da queima das rodas arrastraban partículas tóxicas que a mareaban e que ademais estaban a afectar tamén á horta e ao pastizal da súa propiedade.

Segunda : A intervención municipal, como administración máis próxima, ante estes feitos con aparencia de gravidade, resultaba primordial. Tamén a das forzas e corpos de seguridade do Estado nas súas labores de vixilancia, toda vez que a articulación de medios

de inspección suficientes que permitan a identificación dos responsables das referidas condutas resulta clave.

Coñecido e detectado os indicios de infracción, o órgano local tiña que ter impulsado a realización de cantos trámites foran precisos, considerando especialmente a súa repercusión e a trascendencia polo que respecta á saúde e seguridade das persoas, ao medio ambiente ou aos bens protexidos pola Lei. Non consta na documentación incorporada ao presente expediente que se adoptara medida cautelar algunha tendente a evitar danos de difícil ou imposible reparación, nin que persoal municipal efectuara xirara visita algunha de inspección ou control ao lugar dos feitos.

Cada día de queima de pneumáticos sen que se producira a correspondente intervención municipal constituíu un atranco e dificultou potencialmente a recuperación ambiental e a eliminación dos riscos existentes para a saúde das persoas e para o medio ambiente. Esta institución quere enfatizar a necesidade de previr e minimizar os riscos dos danos xerados ante problemáticas desta natureza, polo que a intervención municipal, como máis cercana ao lugar en que se produce a problemática devén imprescindible.

A aparencia de gravidade dos feitos denunciados, que eran de público coñecemento, aconsellaban a adopción inmediata de medidas axeitadas para controlalos, o que non consta que se fixera.

Terceira: Coñecido como é o principio “quen contamina paga”, significar que quebra gravemente cando non é posible identificar ás persoas responsables, de xeito que o custe da reparación acaba sendo asumido polas administracións públicas o que comporta unha socialización de custes ambientais que favorece a quen actuou de forma ilegal sen cumprir as obrigas que as normas impoñen. De alí que insistamos na relevancia de actuar nunha fase temperá.

Cuarta: Xa no ano 1997, o informe “Air emissions from scrap tires combustion” (Emisións atmosféricas procedentes da combustión de pneumáticos usados, da United States Environmental Protection Agency-EPA (Axencia de Protección Medioambiental dos Estados Unidos) daba conta de que “demostrarase que as emisións atmosféricas dos incendios de pneumáticos abertos son máis tóxicas (por exemplo, mutaxénicas) que as dunha cámara de combustión, independentemente do combustible. As emisións das fogueiras de pneumáticos inclúen contaminantes como partículas, monóxido de carbono (CO), óxidos de xofre (SOx), óxidos de nitróxeno (NOx) e compostos orgánicos volátiles (NOC). Tamén inclúen contaminantes atmosféricos perigosos (HAP), como hidrocarburos aromáticos polinucleares (HAP), dioxinas, furanos, cloruro de hidróxeno, benceno, bifenilos policlorados (PCB); e metais como arsénico, cadmio, níquel, zinc, mercurio, cromo e vanadio. As emisións procedentes dun incendio de pneumáticos aberto poden representar importantes riscos agudos (a curto prazo) e crónicos (a longo prazo) para a saúde dos bombeiros e dos

residentes próximos. Dependendo da duración e o grao de exposición, estes efectos para a saúde poden incluír irritación da pel, os ollos e as membranas mucosas, efectos respiratorios, depresión do sistema nervioso central e cancro.”

E concluía que: “ tendo en conta (a) a potencia mutaxénica relativamente alta das partículas orgánicas, (b) os elevados factores de emisión mutaxénica, e (c) a presenza de moitos mutáxenos/carcinóxenos, especialmente HAP, nos fumes da queima incontrolada de pneumáticos, constituirían un auténtico perigo ambiental e para a saúde.”

Quinta: Así pois, consideramos que o concello como administración máis próxima, ao producirse os feitos no seu territorio, e coñecer os sucesivos escritos de denuncia formulados polo promotor deste expediente, debera ter ordenado que por parte do personal municipal se tivera inspeccionado o lugar, para, no seu caso, proceder a dar parte dos feitos á Guardia Civil aos efectos oportunos.

Todo elo, sen prexuízo do deber de responder ás sucesivas comunicacións e transmitir información útil e eficaz ao cidadán sobre como actuar ante a problemática exposta para facer valer os seus dereitos.

Cómpre lembrar que a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón no seu artigo 20:

“Artigo 20. Responsabilidade da tramitación

1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao servizo das administracións públicas que teñan ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou atrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados ou o respecto polos seus intereses lexítimos, dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación de procedementos”

E a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 5 dí:

“1. As entidades locais servirán con obxectividade os intereses públicos que se lles encomenden e actuarán de acordo cos principios de eficacia e servizo ós cidadáns, descentralización, desconcentración e coordinación, con autonomía propia e sometemento pleno á lei e ó dereito.

2. As entidades locais, conforme os criterios de reciprocidade nas súas relacións entre si e coas outras administracións públicas, rexeranse polos principios de colaboración, cooperación, auxilio e respecto ós respectivos ámbitos de competencias.”

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar ao Concello das Somozas a seguinte SUXESTIÓN:

“Que dea resposta útil e eficaz ás denuncias da cidadanía, e que no sucesivo practique cantas actuacións correspondan a fin de identificar aos eventuais responsables das condutas irregulares expostas, solicitando no seu caso e a tal efecto, a intervención das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado”

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración saúdoo atentamente

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo